



003506 10.04.2014 08:50

Á vista do escrito de don Carlos Teijo García, director do Centro de Estudios y Documentación Europeos (CEDE) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Grao en Ciencia Política e da Administración impartido na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o Centro de Estudios y Documentación Europeos (CEDE) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Grao coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado do Grao en Ciencia Política e da Administración nas instalacións do Centro de Estudios y Documentación Europeos (CEDE) que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 30 créditos ECTS, e desenvolveranse de xeito continuado, ou ben en períodos discontinuos, previo acordo consensuado entre o alumno/a e a dirección do CEDE Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 750 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos
- O obxecto das - prácticas que se van realizar consistirá en:
  - Elaboración de argumentarios sobre temas de actualidade política.
  - Organización de bases documentais e datos comúns.
  - Manexo e interpretación de distintos documentos.
  - Seguimento de programas políticos.
  - Deseño de campañas de difusión de actuacións da Administración Pública
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais de acordo coa Dirección do CEDE e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no CEDE non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do CEDE nomea

como titora de prácticas a Doña Elena Pérez Carrillo que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do CEDE.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do CEDE emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS POLITICAS E SOCIAIS**  
**Sr. CARLOS TEIJO GARCIA- DIRECTOR DO CEDE**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**